

## **PREGÓN MONFORTE:**

Boas tardes a todas e todos, Estimado alcalde, concelleiras e concelleiros, amigas e amigos de Monforte moitas grazas pola vosa presenza aquí.

Hoxe é un día moi especial para todos, comezan as nosas festas patronais, pero para min é xa, un día inesquecible, e por suposto que serán unas festas patronais únicas.

Cando o noso alcalde Xose Tomé me chamou para propoñerme ler o pregón, sentín moita ledicia, e tamén unha enorme responsabilidade para con todos vós.

Quero tanto esta cidade..., son tantas vivencias e recordos, que foron bombardeando a miña mente que non sabía por onde comezar...

"Desde que teño uso de razón sempre quixen ser un gánster..." así comezaba Ray Liotta Uno de los Nuestrós de Martín Scorsese, unha das grandes obras mestras do cine ... Eu a diferenza de Liotta dende que teño uso de razón sempre quixen entreter e divertir a xente... aínda que as veces tamén fun un pouco gánster.

Supoño que hai 41 anos, cando nacín no Matías co cordón umbilical ao pescozo xa comezaba a facer os meu pinitos no thriller, logo vivimos no Reboredo coa miña casa pegada a vía do

tren, onde o suspense aparecía cada vez que cruzabas a vía... suspense que seguín cultivando, cando estudiaba nos Escolapios e o director me dicía "Dille a túa nai que veña a falar comigo..." E xa evolucionado o thriller mudaba en película de terror cando estudiaba no Instituto Río Cabe, chegaban as notas en xuño e tiña que ensinalas na casa...

A verdade é que por estas rúas vivín películas de tódolos xéneros, de suspense como xa citei antes, pero tamén alta comedia en Duquesa de Alba polas noites, acción sen límites vindo do Club Fluvial, si, non é trola, persecucións con tiroteos, hai hemeroteca, con disparos (de fogueo) pero vaia medo pasamos ...

E tamén un xénero que non sabería como definilo, metade comedia metade terror, cando de adolescente, dicías aquela frase "Quieres salir conmigo..." e claro, a resposta era sempre a mesma... NO.

Tamén é ben certo, que so doían as 15 primeiras veces, unha vez chegabas a vinte, xa estabas inmunizado.

O certo é que un vai formando a súa personalidade dende neno, e tamén é ben certo que os de Monforte estamos ben curtidos, sobretudo se tes uns amigos que xogan ben ao fútbol, e mentres eles entrenan ou xogan, ti vas a clase de órgano. Si, de órgano, e

era tan grande que a miña nai tivo que facerme unha funda de sky por se o arrastraba que non se rozara. Dábame unha vergonza!! Iso con 14 anos, e iso imprime carácter.

Pero eso tampouco era o peor, un día non sei quen descubriu que a miña voz podería ter o seu lugar entre os tenores do Coro da Renfe, e alí fun, vestido co traxe rexional, cantando polas aldeas o Adeste Fideles en Belenes Viventes,, ou no día do colexio na misa dos Escolapios, mentres os meus amigos seguían marcando goles, e vacilándome sen parar.

Pero todo na vida ten sentido, e un só pode uni-los puntos cando mira para atrás, e se da conta de que gracias a todo iso, un é quen é.

Polo demáis fun un neno bastante "normal" neto de ferroviarios, e emigrantes en Suiza, un neno dos que querían mercar tódolos Playmobil do Pleximar, os Air Jordan do Franjo, os Levis de Boceto e soñaba cunha Yamaha TZR 80 e tiven que conformarme cunha carraca de vespino que aínda hoxe non me explico de que desguace a sacaría o meu pai... pero iso xa é outra historia.

Onde si que soñaba era no Teatro Lemos, un día, non sei cantos anos |tería, 10 ou 11, a miña nai levoume ver unha película, lémbrome que había unha cola que arrodeaba toda a rúa, e

sobretudo lembro aquela sala ateigada de xente, país, fillos, avos, intentaban sentarse naquelas butacas vermellas, entre o fume dos pitillos e o ruído das bolsas de palomitas. E todo se puxo negro de repente, e alí apareceu o meu amigo Elliot , tentando salvar a ET. Aínda lembro daquel silencio cando ET morre, e tamén lembro dos gritos de algarabía cando as bicis voan, e as bagoas nos ollos da xente cando se despiden os amigos máis raros e especiais que vira na miña vida.

Foi algo que nunca esqueceréi, e de seguro que foi o xermolo de que eu me quixera adicar a contar historias, iso e que na miña casa non había un sábado na que non visemos en familia unha vaquerada, así chamaba meu pai aos western, xénero que adoro e pilar do cine que me gusta facer.

Logo viñeron moitas máis películas , e a miña vida abríase camiño entre as butacas daquel cine, onde quixen ser piloto de cazas, derrubar a Ivan Drago, conducir un Delorean, ou poder voar coa miña capa vermella, miles de historias, miles de emocións que se derrubaron cando a especulación e os cartos lle gañaron a batalla ao noso patrimonio, a nosa memoria, a nosa cultura.

Cando derribaron o Teatro Lemos, algo dentro de min morreu con aquel cine para sempre, unha aberración, unha

infamia, que non se debería volver a repetir.

Aínda hai un cine aquí moi fermoso na Fraternal, no barrio da Estación. E aínda que está algo deteriorado conserva a beleza dos cines de antes, dos cines que os nosos fillos xa non disfrutarán, nin verán senón temos a sensibilidade de protexer e coidar o noso patrimonio.

Pero como di Woody Allen "Interésame o futuro, porque é onde pasarei o resto da miña vida".

E o meu futuro, agora presente, tamén se fraguou en Monforte, revelando fotos na casa, no Arcadio, no Camba, grabando desfiles do instituto coa cámara da miña nai. Gustábame, pasabao ben, moito mellor que estudiando trigonometría ou a tectónica de placas. Un día o meu colega Piro me dixo, "Hai unha escola de Imaxe e Son en Ourense que pinta ben." E iso cambiou a miña vida.

Prometinlle aos meus país que si me deixaban estudar Imaxe e son , sacaría unha carreira, eles cumpriron, eu mentín.

Pero ¿que podía facer? apaixoábame a fotografía, contar historias, empecei a ver os clásicos do cine, descubrín aos cineastas que marcaron a miña vida e a miña carreira, alternaba a Tarkovski con Jean Claude Van Damme ,

a Stallone con Bergman, o videoclub Monforte era o meu templo. Corría na bici a por películas que sempre entregaba sen rebobinar para poder coller outra rápidamente. Xa era demasiado tarde, tiña o demo do cine e da tv metido no corpo.

Xa estudiando Imaxe e son o meu contacto profesional chegou tamén en Monforte, de man de Radio Principal e Tv7 Monforte onde coñecín a maravillosos profesionais e onde percorrín Galicia as fins de semana durante un ano gravando os partidos do Lemos. Foi unha mastreclass para min, aprendín moi novo que ía ser un traballo duro pero apaiñoante.

Dous anos estiven ata que marchei para Santiago a facer prácticas a TVG, a miña intención era estar uns meses e tentar ir a Madrid a estudar fotografía ou cine. A cousa foi que un as veces sen darse conta se acomoda, e coñece compañeiros maravillosos e grandes amigos e a María, a mellor compañeira de viaxe e de vida que puiden soñar.

E alí levo vinte anos xa, pero aínda que pasen cen eu sempre de Monforte.

O que si foi crescendo en min durante estes vinte anos é a paixón polo cine, por contar historias. En 2003 rodei a miña primeira curta: Minas, nunha fin

de semana e foi a miña entrada no mundo do cine, 11 anos despois rodaba a miña primeira película.

Non foi nada fácil, foron catro curtas, unha miniserie, spots, videoclips, e horas e horas de traballo, escribindo, equivocándome, pelexando para buscar o meu oco nesta industria.

A verdade: as cousas non sempre saíron ben, e tamén o pasei moi mal. Pero de todo se aprende!

O que sempre foi un gusto foi vir a casa, estar coa miña familia un sábado con empanada, onde me emociono recordando historias cos meus pais, coa miña irmá Ana, ver un partido do Madrid co meu cuñado Juan, escoitando da miña sobriña Alejandra dicir que ela tamén vai ir aos Escolapios, Rir cando a miña avoa Manuela arranca de improviso e nos canta unha canción, e poder compartir soños e ilusións coas miñas tías da alma, Angeles, Evangelia e Clara, argallar alguha trasnada co meu tío Raul, e disfrutar das historias da vida cos meus curmáns Raul, Sonia, Alicia e Julio e lembrar aos que xa non están e foron tan importantes na miña vida, meus avos Manuel, Encarna e Ramón e meu tío Ignacio.

Dar un paseo polo Cardenal, subir ao Castelo, pasear polo Malecón, ir a

almorzar ao Capitol onde Miguel sempre che saca un sorriso, e sobretudo cear cos amigos na Polar onde Julio me fai sentir un membro máis da familia, e de onde saíron grandes conversas que desembocaron en ideas que me foron abrindo camiño na miña carreira e na vida.

Porque un non é de pedra e precisa agarimo e calor dos seus para recargar pilas e saír con forza a loitar.

As veces bromeaba cos amigos de Monforte que coma min tiveron que saír a gaña-la a vida fóra da nosa terra, e montabamos embaixadas imaxinarias de monfortinos.

Tiñamos unha en Santiago con Ibán, que agora marchou a montar outra en Florida nos Estados Unidos, que pronto iremos inaugurar, e outra co meu irmán Javi en Madrid, onde pasei moitas horas da miña vida con él e coa súa muller María. Sempre, sempre por moito lío que tiveran, facíanme un oco na súa casa, a calquera hora, calquera día.

Lémbro que en Madrid, durante a preparación da película e entre guións, ensaios, e discusións de pre rodaxe, mesmo no previo a gala dos Goya, cando estaba saturado, necesitaba o meu antídoto, de realidade, de sinceridade e agarimo ,de Monforte..., Collía o teléfono e en 30 minutos xa tiñamos montado un gabinete monfortino de crise Javi e



eu. E os 30 segundos xa estaba rindo sen parar e olvidándome de todo. Era a mellor maneira de ter os pes de novo na terra. Javi e María quérovos moito.

Recordo que Luis Tosar durante a promoción de El Desconocido no Festival de Venecia, preguntáronlle - "Por que aceptaste trabaxar a las órdenes de Dani de la Torre?" El me mirou serio, con esa mirada que marca, e contestou, "Dani é de Monforte, a un de Monforte non lle podes decir que non..."

Eu rin, pero fiquei orgulloso, feliz de que Monforte saíra no Festival de Venecia, e no de San Sebastián, e que logo seguira soando nas citas máis importantes do cine nacional e internacional.

E fiquei máis orgulloso cando se estreou a película e as salas se encheron, especialmente a dos Multicines da nosa cidade onde monfortinas e monfortinos encheron as salas para ver o traballo dun veciño. Foi algo increíble, máxico, como tamén o foi o de moitas e moitos monfortinos que viven fora e me trasmitiron o seu agrarimo e o seu orgullo indo a ver a película por todas as partes de España e do estranxeiro.

So vos podo dicir unha cousa, grazas, grazas de corazón.

Despois da Gala dos Goya, un sábado ía camiñando polo Cardenal e un home se me acercou coa muller e me dixo: "Felicidades polo Goya que gañache", eu lle respondín: Gracias, pero eu non gañei, foron os meus compañeiros da peli." E o home puxo cara de indignación e me di: "Para nos gañache e punto."

quedei mudo, Case choro, so puiden sorrir e darlle as gracias de novo. Eso só pode pasar aquí.

Dicía Alex de la Iglesia o outro día unha frase coa que me identifico moito: **"Valoro más el empuje de un hombre apasionadamente equivocado que el triste espectáculo de los individuos razonablemente precavidos."**

Temos algo especial en Monforte, máis alá de monumentos fermosos, e lugares únicos, que e é a xente. Sobretudo a que se quedou e loitou e loita para que a nosa cidade sexa cada vez máis grande, máis moderna e máis fermosa. Son esas persoas que nos fan sentir sempre na casa os que estamos fóra, que nos dan forza e que acollen a visitantes e invitados coma un membro máis da familia.

Xente con paixón pola vida e polos seus, da que me sinto orgulloso de pertencer.

Na grande película "el Secreto de sus ojos" Guillermo Francella daba vida ao mellor amigo da personaxe que interpretaba de Ricardo Darín e nun momento da historia dicía:

**"El tipo puede cambiar de todo. De cara, de casa, de familia, de novia, de religión, de dios... Pero hay una cosa que no puede cambiar. No puede cambiar de pasión".**

Paixón por Monforte, e paixón polo cine. E alí onde eu vaia, onde as miñas películas viaxen, viaxará un anaco de Monforte, porque o resto quero telo para sempre no meu corazón.

Que comecen as Festas Patronais 2016, que sexades moi felices, e sobretudo que fagades os vossos soños realidade. Eu fixen hoxe un deles grazas a vos e especialmente grazas a un rapaz de Vilamelle e unha rapaza de Canabal que fai 41 anos decidiron vivir en Monforte, a cidade máis bonita do mundo.

Moitas grazas.

